

MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO

Cuestionario para as persoas TITULADAS

A Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade das súas titulacións, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.

Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos.

As súas respostas serán anónimas e confidenciais e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o seu NIF, NIE ou outro documento cumpre a función de código de acceso, de forma que en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.

Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central). Noutras, a posible resposta é aberta.

A escala empregada é a seguinte:

(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio; (5) Moi satisfactorio.

Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.

Cuestión inicial (filtro):

Pregunta de resposta si/non:

Traballa ou traballou vostede nalgún ámbito relacionado coa titulación?

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

Xestión da titulación

Organización e desenvolvemento

A organización xeral do plan de estudos da titulación

A actualización dos contidos

As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas

A orientación académica para continuar os estudos

A orientación profesional e laboral

A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso

Os programas de mobilidade, de ser o caso

Información e transparencia

A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade

A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade

Sistema de garantía de calidade

A xestión da calidade na titulación

Recursos

Recursos humanos

A cualificación do profesorado

A cualificación do persoal de administración e servizos

Recursos materiais e servizos

As infraestruturas e os materiais dispoñibles

Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)

Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...)

As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...).

Resultados

Resultados de aprendizaxe

A formación adquirida

A utilidade da formación recibida para a carreira profesional

En xeral, a calidade da titulación

Preguntas de resposta si/non:

Recomendaría esta titulación a outras persoas?

Preguntas de resposta aberta:

En xeral, que é o que máis valora da titulación?

Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación?

Pode incluír comentarios ou matizacións ás valoracións do cuestionario.

Moitas grazas pola súa colaboración